

## ACTUACIÓNS NA APLICACIÓN INFORMÁTICA DE PEDIDOS CARA O PECHE DO EXERCICIO 2016

Na Orde de Peche do exercicio 2016 no apartado A establécense as datas límite para a recepción dos documentos de execución orzamentaria no servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería e no servizo de Control Interno.

A aplicación informática de pedidos enlaza a confección de documentos contables na aplicación auxiliar de xestión económica XESTICONTA polo que se fai necesario establecer un procedemento especial cara o peche do exercicio.

*1. Pedidos cuxo importe se imputará a proxectos de investigación non financiados Xunta ou aqueles que estean suxeitos a I.R.P.F., I.V.E. deducible ou I.V.E. intracomunitario. (Apartado A.1.a e A.1.b da Orde de peche ).*


- O 23 de novembro, será o último día no que se poderán remitir solicitudes dos pedidos aos responsables correspondentes (R.U.G., Validadores, U.T.)
- O 28 de novembro será a data tope para que as Unidades Tramitadoras envíen os pedidos aos provedores.
- Nos documentos dos pedidos deberá indicarse no campo de Observacións para o Proveedor que presenten as facturas no portal da Xunta de Galicia, obrigatoriamente, antes do 5 de decembro.
- Os usuarios con perfil validador, R.U.G. ou R.U.T. deberán conformar os pedidos recibidos á maior brevidade posible, e sempre antes do 5 de decembro para que se poidan tramitar as facturas no prazo marcado na orde de peche de exercicio.

*2. Pedidos que se correspondan coas operacións ás que se refire o Apartado A.1.c da Orde de peche do exercicio.*

- O 30 de novembro será o último día no que se poderán remitir as solicitudes de pedidos aos responsables correspondentes.
- O 5 de decembro será o último día para que as Unidades Tramitadoras envíen os pedidos aos provedores.
- Nos documentos dos pedidos deberá indicarse no campo de Observacións para o Proveedor que presenten as facturas no portal da Xunta de Galicia, a poder ser, antes do 12 de decembro.
- Os usuarios con perfil Validador, R.U.G. ou R.U.T. deberán conformar os pedidos recibidos á maior brevidade posible, e sempre antes do 12 de decembro

para que se poidan tramitar as facturas no prazo sinalado na orde de peche de exercicio.

3. A posibilidade de realizar operacións na aplicación informática de pedidos para a conformación dos recibidos ou para calquera outra que se precise, sempre que se cumpra co establecido nos apartados anteriores, pecharase o día 12 de decembro.
4. A partir do 21 de decembro as únicas operacións que se poden realizar na aplicación informática de pedidos serán excepcionais e soamente referidas ós gastos os que se fai referencia no punto d. do apartado A.1.2 DA ORDE DE PECHE DE EXERCICIO
5. Os responsables de asuntos económicos antes do 15 de xaneiro de 2017 deberán elaborar, se así procede, os documentos contables AD de aqueles pedidos (que se correspondan co exercicio 2016) que estean en fase CONFORME e non conciliados a 30 de decembro, e enviar estes documentos contables ao Servizo de Control Interno se así procedese.
6. Os pedidos que a data 30 de decembro non alcancen a fase CONFORME, e queden en fase TRAMITADO, deberán anularse no aplicativo de pedidos e xerar un novo pedido con cargo ao exercicio 2017.

Vigo, 11 de outubro de 2016  
O Xerente  
  
Manuel Fernández Jauregui

**SRES/AS. XEFES DE SERVIZO**

**SRES/AS. ADMINISTRADORES DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS**